



ANUNCIO

Con data 11 de outubro 2017 o Sr. Alcalde-Presidente ditou resolución que se transcribe:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Convocatoria da Mesa de Contratación do servizo "Elaboración de inventario de camiños e vías municipais do Concello de Tui"

Emitido informe polo enxeñeiro técnico municipal á documentación presentada pola empresa "Innovalia Asesores, S.L", por proposta económica que podería considerarse con valor anormal ou desproporcionado, de conformidade coa cláusula 11 do prego de cláusulas administrativas aprobado para a contratación do servizo "Elaboración de inventario de camiños e vías municipais do Concello de Tui" e art. 152.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público; aos efectos de continuar coa tramitación do expediente, esta Alcaldía-Presidentencia, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar á Mesa de Contratación para o vindeiro, **luns, día 16 de outubro, ás 10:00 horas**, a efectos de:

1º.- Posta en coñecemento do informe emitido polo enxeñeiro técnico municipal á documentación xustificativa presentada pola empresa que incorre en baixa temeraria e acordo da Mesa de Contratación de admisión de propostas económicas presentadas.

2º.- Outorgamento de puntuacións ás empresas admitidas á licitación e proposta da Mesa de Contratación de oferta máis vantaxosa.

3º.- En caso de ausencia do secretario da mesa José Angel Fernández Rodríguez, asistirá como secretaria a funcionaria María Jesús Blanco Martínez.

SEGUNDO.- Facer pública a presente convocatoria mediante a súa publicación no Taboleiro de anuncios do concello e no perfil do contratante.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente Resolución de Alcaldía aos membros da Mesa de Contratación designados, ós Departamentos de Secretaría e Intervención e ó Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre."

O que se comunica para exposición pública e efectos.

Tui, o alcalde, Enrique Cabaleiro González.
Documento asinado dixitalmente á marxe.